

a) A letra b) do punto 1 e o punto 2 do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

b) O segundo parágrafo da letra c) do punto 1 do artigo 2 do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, polo que se regula o subsidio por desemprego en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social.

c) As letras c), d) e e) do punto 1 do artigo 1 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, que desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego.

Disposición derradeira primeira. *Programa de fomento de emprego.*

1. Modifícase a letra i) do punto 1.1 do artigo 4 da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade, que queda redactado nos termos seguintes:

«i) Mulleres desempregadas inscritas na oficina de emprego que sexan contratadas nos vintecatro meses seguintes á data do parto.»

2. Modifícanse as letras h) e i) do punto 1 do artigo 6 da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e mellora da súa calidade, que quedan redactadas nos termos seguintes:

«h) Contratación de desempregados admitidos no programa que recolle a axuda específica denominada renda activa de inserción: 65 por 100 durante os vintecatro meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato; 45 por 100 durante o resto de vixencia deste no caso de traballadores maiores de corenta e cinco anos e ata os cincuenta e cinco; ou 50 por 100 durante o resto de vixencia deste no caso de traballadores maiores de cincuenta e cinco anos e ata os sesenta e cinco.»

«i) Contratación de mulleres desempregadas inscritas na oficina de emprego que sexan contratadas nos vintecatro meses seguintes á data de parto: 100 por 100 durante os doce meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.»

3. A disposición adicional quinta da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas administrativas e da orde social, queda redactada nos termos seguintes:

«Disposición adicional quinta. *Fomento do emprego de discapacitados.*

As subvencións e bonificacións previstas no capítulo II do Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, polo que, en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, se regula o emprego selectivo e as medidas de fomento do emprego dos traballadores con minusvalidez, non se aplicarán nos seguintes supostos:

a) Contratacións realizadas con traballadores que, nos vintecatro meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador con empresas ás que a solicitante dos beneficios sucedese en virtude do esta-

blecido no artigo 44 da Lei do Estatuto dos traballadores.

b) Traballadores que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de tres meses previos á formalización do contrato.»

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento, entrada en vigor e aplicación do real decreto lei.*

Un. Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto lei.

Dous. Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Tres. Sen prexuízo do disposto no punto dous anterior:

a) O establecido na letra c) do punto 1 do artigo 208 da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada por este real decreto lei, aplicarase ás situacións legais de desemprego que se produzan trala entrada en vigor do dito real decreto lei, cando o despedimento inicial se producise despois da dita data.

b) O establecido na letra c) do número 1 do punto 1 do artigo 215 da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada por este real decreto lei, aplicarase ás solicitudes do subsidio por desemprego que se presenten a partir da entrada en vigor do dito real decreto lei, e os traballadores que accedesen ó dito subsidio conforme a normativa anterior poderán obter o subsidio establecido no número 3 do punto 1 do citado artigo 215, se reúnen os requisitos esixidos.

c) O establecido no artigo 3 deste real decreto lei aplicarase a tódalas solicitudes de subsidio por desemprego, establecido polo Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, incluídas as solicitudes do subsidio ás que sexa de aplicación o cómputo especial de cotizacións recollido nas disposicións transitorias primeira e segunda do citado Real decreto 5/1997, que se presenten a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

Dado en Madrid o 24 de maio de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

10099 *REAL DECRETO 459/2002, do 24 de maio, polo que se modifican os regulamentos xerais sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social e sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, respecto do réxime especial agrario desta.* («BOE» 125, do 25-5-2002.)

A condición de traballador incluído no campo de aplicación do réxime especial agrario require como un dos seus requisitos básicos a realización de «labores agrarios, sexan propiamente agrícolas, forestais ou pecuarios», segundo establecen os artigos 2 do texto refundido do

régime especial agrario da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo, e do seu Regulamento xeral, aprobado polo Decreto 3772/1972, do 23 de decembro.

Pola súa parte, o artigo 44 daquel texto refundido, na redacción dada polo artigo 25 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, impuxo e regulou a obriga dos empresarios de cotizaren «por cada xornada que efectivamente realicen os traballadores ocupados polo empresario en labores agrarios».

Pola súa vez, os artigos 35.3 e 45.1.4.^a do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, regulan os efectos das altas e baixas neste réxime especial por meses completos así como as baixas pola realización de actividades non agrarias ou por inactividade en labores agrarios, ó tempo que o artigo 42.5 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, impuxo a liquidación e pagamento das cotas por xornadas reais conxuntamente coas cotas por continxencias profesionais.

Nembargantes, tal regulación regulamentaria mostrouse insuficiente para excluír do censo agrario ós que non realicen labores agrarios durante un determinado tempo, polo que se considera necesario impoñer ás empresas que empreguen traballadores agrarios a obriga de comunicaren con anterioridade á prestación de servizos as altas e os datos sobre a realización de xornadas reais, o que permitirá o control efectivo das altas e baixas e da cotización respecto dos traballadores por conta allea incluídos neste réxime especial. Posibilitase ademais cursar altas e baixas por períodos fraccionados así como o ingreso das cotas fixas por períodos inferiores ó mensual en función da data en que se inicie ou finalice a actividade agraria.

Para iso, resulta obrigado introduci-las pertinentes modificacións nos textos regulamentarios citados.

Na súa virtude, ó abeiro do disposto no artigo 5 e na disposición derradeira sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de maio de 2002,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación dos puntos 3 do artigo 35, 1 do artigo 45 e 4 do artigo 46 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.*

1. O punto 3 do artigo 35 queda redactado nos termos seguintes:

«3. Nos réximes da Seguridade Social que teñan establecido que a cotización debe efectuarse por meses completos, os efectos das altas e das baixas respecto da cotización, nos seus diversos supostos, entenderanse referidos, respectivamente, ó día primeiro do mes natural en que concorran as condicións determinantes da inclusión no réxime de que se trate e ó último día do mes natural en

que tales condicións deixen de concorrer no interesado, sen prexuízo do especialmente previsto nos artigos 45.1.5.^a e 49.3 deste regulamento.»

2. O punto 1 do artigo 45 queda redactado nos termos seguintes:

«1. Os traballadores comprendidos no campo de aplicación do réxime especial agrario da Seguridade Social estarán obrigados á súa inscrición no censo a que se refire a sección 2.^a do capítulo II do texto refundido do réxime especial agrario da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo, aplicándose para estes efectos as normas seguintes:

1.^a A inscrición dos traballadores no censo levarase en dúas seccións separadas, segundo se trate de traballadores por conta propia ou por conta allea.

2.^a A obriga de solicita-la inscrición no censo nace desde o momento en que o traballador reúna as condicións que determinan a súa inclusión no campo de aplicación deste réxime especial.

3.^a A solicitude de inscrición no censo, formas de promovela, prazo, lugar, formalidades para a súa práctica e efectos da devandita inscrición así como a comunicación das variacións que se produzan rexeranse polas normas establecidas para a afiliación e a alta nos artigos 23 e seguintes deste regulamento, coas especialidades seguintes:

a) A obriga de solicita-la inscrición no censo corresponderalles ós propios interesados, cando se trate de traballadores agrarios por conta propia, e ós empresarios, respecto dos traballadores agrarios que teñan ó seu servizo e, en caso de incumprimento por aqueles, poderán solicitala os propios traballadores.

b) As solicitudes de inscrición no censo dos traballadores que ocupen en labores agrarios, formuladas con anterioridade ó comezo da prestación de servizos, así como respecto dos xa inscritos nel, os empresarios deberán xuntar unha comunicación na forma que determine a Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que figuren os datos persoais e a data prevista para a realización da primeira xornada real de cada un dos traballadores agrarios que empreguen.

Así mesmo, dentro dos seis primeiros días de cada mes natural, os empresarios deberanlle comunicar á Tesourería Xeral da Seguridade Social, na forma que esta determine, o número total de xornadas prestadas a eles por cada traballador durante o mes natural anterior ou, se é o caso, a non realización da comunicada con carácter previo a que se refire o parágrafo anterior.

En caso de cesamento definitivo na relación laboral para os traballadores fixos esta comunicación deberá realizarse no prazo de seis días desde a última xornada real realizada.

Ó finaliza-la súa prestación de servizos, os empresarios deberán entregar a cada traballador un xustificante da realización de xornadas reais, no que consten os datos do empresario, as datas de iniciación e finalización e o número total de xornadas prestadas a el.

Para acredita-la actividade agraria o traballador poderá obter da Tesourería Xeral da Seguridade Social un xustificante da realización de xornadas reais, no que consten os datos do empresario, o tipo de relación laboral, fixa ou eventual, as datas de iniciación e finalización da actividade agraria,

o número total de xornadas prestadas ó empresario e as datas nas que tivo lugar a actividade.

c) A petición da inclusión do traballador no censo polo empresario ou polo traballador por conta propia equivalerá á solicitude de afiliación ou de alta. Así mesmo, a comunicación polo empresario da realización de xornadas reais equivale á solicitude de inclusión no censo se o traballador non figurase xa inscrito nel.

Para acreditar a realización dos labores agrarios e demais circunstancias determinadas nos artigos 2 e seguintes do texto refundido do réxime especial agrario da Seguridade Social, tanto para efectos de alta como da permanencia e baixa nel, os interesados poderán utilizar tódolos medios de proba admitidos en dereito e, en especial, a comunicación de iniciación e finalización de xornadas reais.

d) A inscrición inicial no censo producirá efectos de afiliación ó sistema da Seguridade Social para aqueles traballadores que previamente non estivesen afiliados e a súa inclusión no censo equivalerá á alta, inicial ou sucesiva, do traballador neste réxime especial.

e) As obrigas que lles incumbisen ós empresarios son independentes das súas obrigas en canto á protección das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais respecto dos traballadores por conta allea que lles presten servizos, consonte o establecido no artigo 14 deste regulamento.

4.^a A baixa neste réxime especial terá lugar cando o traballador non realice labores agrarios nos termos e condicións fixados neste artigo ou cando se comprobe que foi dado de alta indebidamente, caso en que se seguirá o disposto no artigo 60 deste regulamento.

A situación de inactividade nos labores agrarios, realícese ou non outras actividades non agrarias, unicamente motivará a baixa neste réxime especial se esta non foi expresamente solicitada polo traballador, nos supostos seguintes:

a) Cando o traballador agrario se dedique, con carácter exclusivo e ininterrompidamente, a outras actividades non agrarias durante un período superior a tres meses naturais consecutivos ou, tratándose de traballadores por conta allea, cando a situación de inactividade en labores agrarios e non agrarios se mantéña ininterrompidamente por un período de máis de seis meses naturais, contados desde a finalización do último mes en que se efectuase a última comunicación de realización de xornadas reais ou, se é o caso, desde a finalización da percepción da prestación ou o subsidio por desemprego, sempre que se ingresen as cotas fixas correspondentes polo devandito traballador.

Nestes supostos, os traballadores agrarios deberán solicita-la baixa neste réxime especial dentro do prazo dos seis días seguintes a aquel en que se supere o respectivo límite e aquela producirá efectos a partir do día primeiro do cuarto mes seguinte a aquel en que iniciasen as actividades non agrarias ou do sétimo mes seguinte á comunicación da última xornada realizada polo traballador ou da finalización da percepción da devandita prestación ou subsidio.

Transcorrido o respectivo prazo sen presentación da solicitude de baixa, a Tesourería xeral da Seguridade Social poderá acordala de oficio.

b) Cando non exista comunicación da realización de xornadas reais respecto dun traballador por conta allea en tres meses consecutivos e sen que durante eles o traballador ingrese a cota fixa correspondente a este réxime especial, a Tesourería Xeral da Seguridade Social dará de baixa o devandito traballador con efectos do último día do mes en que realizase a última xornada real comunicada.

5.^a Cando o traballador por conta allea inicie ou finalice a súa actividade sen coincidir co principio ou fin de mes natural ou non coincida a data prevista ó respecto coa comunicada polo empresario ou polo traballador, a inscrición ou a baixa no censo deste réxime especial producirá efectos, respectivamente, desde o día en que comece a actividade agraria no devandito mes ou ata o día en que deixase de reuni-las condicións para estar incluído neste réxime.

6.^a Correspóndelle á Tesourería Xeral da Seguridade Social o recoñecemento do dereito á inscrición dos traballadores no censo e á súa baixa nel, podendo requirir-las datos, documentos ou informes pertinentes para acreditar a concorrencia dos requisitos determinantes da inclusión ou da baixa no censo.

7.^a As variacións das circunstancias que concorran nos traballadores inscritos no censo e que dean lugar a un cambio da sección en que deban figurar inscritos ou na contía da súa cotización mensual producirán efectos a partir do mes natural seguinte á data en que tales variacións tiveron lugar, se foron comunicadas en prazo, e do mes seguinte a aquel en que foron coñecidas pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, noutro caso, agás que se probe que se produciron con anterioridade, caso en que producirán efectos desde o mes seguinte a aquel en que tiveron lugar, sen prexuízo das sancións e demais efectos que procedan.»

3. Modifícase o punto 4 do artigo 46, que queda redactado nos termos seguintes:

«4. Os traballadores que optasen pola protección a que se refire o punto anterior deberán formaliza-la cobertura da devandita prestación económica por incapacidade temporal cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, nos termos e cos efectos establecidos neste artigo e demais disposicións complementarias, debendo aquela aceptala obrigatoriamente, nos termos previstos nos artigos 74 e 75 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.»

Artigo segundo. *Modificación do punto 1 do artigo 39 e adición dun novo parágrafo no punto 5 do artigo 42 así como dun novo punto 3 ó artigo 70 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

1. O punto 1 do artigo 39 queda redactado nos termos seguintes:

«1. O nacemento, duración e extinción da obriga de cotizar dos traballadores por conta propia

e allea do réxime especial agrario da Seguridade Social rexeranse polo disposto nos artigos 12, 13 e 14 deste regulamento, sen máis especialidades cás seguintes:

1.^a A obriga de cotizar a este réxime especial nacerá desde o día primeiro do mes natural en que se produza a alta nel e se inicie a actividade e extinguirase ó vencemento do último día do mes natural en que se cause baixa no devandito réxime, agás no suposto a que se refire o artigo 45.1.5.^a do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, caso en que a cota fixa mensual se dividirá por trinta en tódolos meses.

2.^a Os traballadores incluídos neste réxime especial que realicen traballos que dean lugar á súa inclusión noutro réxime da Seguridade Social, por un período superior a tres meses, naturais e consecutivos, á parte de teren que solicita-la súa baixa no réxime especial agrario da Seguridade Social, non terán obriga de cotizar a este aquelas mensualidades naturais e completas que acrediten teren prestado ininterrompidamente e con carácter exclusivo os servizos determinantes da súa inclusión no outro réxime. Os traballadores que se atopen en tal situación non terán dereito, mentres esta subsista, a percibir prestacións deste réxime.»

2. Engádese o seguinte parágrafo no punto 5 do artigo 42:

«Para estes efectos, nos documentos de cotización ou na transmisión por medios técnicos dos datos figurados neles indícarase o número de xornadas realizadas no mes a que se refira a liquidação.»

3. Engádese un novo punto 3 ó artigo 70 nos termos seguintes:

«3. No caso dos traballadores por conta allea de carácter fixo incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, a entidade xestora, durante a percepción das prestacións por desemprego, terá ó seu cargo a cota fixa vixente que corresponda ó grupo de cotización do traballador no momento da situación legal de desemprego minorada nun 28 por 100. Durante a percepción do subsidio por desemprego terá ó seu cargo a cotización consonte o previsto no punto 1.3 deste artigo.

A entidade xestora aboaralles ós beneficiarios das prestacións e subsidios por desemprego, xunto ás percepcións económicas correspondentes, o importe da cotización ó seu cargo, estando estes obrigados a cotizar ó réxime especial agrario da Seguridade Social pola totalidade da cota fixa que corresponda.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o día primeiro do sexto mes seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de maio de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,

JUAN CARLOS APARICIO PÉREZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

10182 *ORDE APA/1172/2002, do 24 de maio, pola que se establecen os corredores para o envío de animais da especie porcina destinados a sacrificio nos matadoiros autorizados mediante a Decisión 2002/33/CE. («BOE» 127, do 28-5-2002.)*

A Decisión 2002/33/CE, da Comisión, do 14 de xaneiro, sobre a utilización de dous matadoiros por parte de España, de conformidade co disposto na letra b) do punto 1 do artigo 10 da Directiva 2001/89/CE do Consello, autoriza a España a utilizar os matadoiros «Le Porc Gourmet» e «L'Escorxador Frigorific d'Osona (Esfosa)» situados na zona de protección establecida en decembro de 2001 arredor dos focos de peste porcina clásica declarados na provincia de Barcelona, en certas condicións.

Esta decisión acaba de ser modificada, permitíndose que os animais destinados ós citados matadoiros poidan proceder de explotacións situadas en toda España, e non unicamente das situadas na provincia de Barcelona e as comarcas do Ripollés, Garrocha e Selva da provincia de Xirona.

No punto 1 do artigo 1 da citada decisión, establécense as condicións sanitarias para o acceso dos porcos de abasto ós matadoiros, e dispónse que este acceso deberá efectuarse a través duns corredores cos pormenores que se establecerán na lexislación española. Faise necesario, por tanto, una vez que os animais poden proceder de toda España, establece-os citados corredores.

Esta orde díctase ó abeiro da habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2159/1993, do 13 de decembro, polo que se establecen medidas relacionadas coa peste porcina clásica, que faculta o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do disposto na devandita norma.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta orde é establecer os corredores previstos no punto 1 do artigo 1 da Decisión 2002/33/CE, da Comisión, do 14 de xaneiro, sobre a utilización de dous matadoiros por parte de España, de conformidade co disposto na letra b) do punto 1 do artigo 10 da Directiva 2001/89/CE, do Consello, co fin de permiti-lo acceso ós devanditos matadoiros de animais da especie porcina procedentes de explotacións situadas en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta orde entenderase por:

- Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas.
- Matadoiros autorizados: os matadoiros «Le Porc Gourmet» e «L'Escorxador Frigorific d'Osona (Esfosa)».

Artigo 3. *Corredores.*

1. Para o transporte de animais da especie porcina desde calquera explotación situada no territorio nacional cara ós matadoiros autorizados, os vehículos de trans-